



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación rectificación listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura de 24 prazas de auxiliar administrativo/a (subgrupo C2)

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 12 de marzo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 24 prazas de auxiliar administrativo/a (subgrupo C2), da escala de Administración xeral, subescala auxiliar, aprobada por resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, de data do 11/02/2026 (BOP núm. 32 do 18/02/2026), debido a que o día 09/02/2026 por resolución do Departamento Territorial da Consellería de Política Social e Igualdade en A Coruña, foille concedido o certificado do grado discapacidade a Mayra Tizón Rilo (**9753**) con efectos dende o 26/12/2023, no seguinte senso:

Onde di:

“Admitidas quenda ordinaria:

APELIDOS E NOME	DNI
TIZÓN RILO, MAYRA	**9753**

Debe dicir:

“Admitidas quenda diversidade funcional:

APELIDOS E NOME	DNI
TIZÓN RILO, MAYRA	**9753**

Segundo.- Rectificar o erro material detectado no punto segundo de dita resolución no nome dun membro do tribunal no seguinte senso, onde di: “María Isabel Pedreira García-Raposo”, debe dicir: “Ana Isabel Pedreira García-Raposo”.

Terceiro.- Publicar esta corrección no BOP

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 13 de marzo de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas